

Bícame, Frank

Roteiro



montsedopico.com

Percorrido 1

CLAVES PARA USAR O MAPA

1. Muíño da Seca	D
2. Praza de Fefiñáns	A
3. Cemiterio de Cambados	Avda. Rosalía de Castro
4. Casa Museo Cabanillas	E
5. Pazo de Torrado	G
6. Casa do Concello	I
7. Pazo de Ulloa	K
8. Ruínas de Santa María	N
9. Torre de San Sadornio	Z
10. Paseo da Calzada	

1. MUÍÑO DA SECA: A AUGA



LIBRO:

Que sucedía no exterior do Muíño cando Frank foi visitalo?

Que información lle proporciona Pat a Frank das fotografías que lle enviara?

A que produto relacionado cos muíños estaba enganchado o inspector Mateo Gómez?

CONTORNO:

Facede unha foto á estatua do home peixe que vixía o camiño do muíño.

A que rede de museos pertence o Muíño da Seca?

Preguntádelle a alguén como é o funcionamento dun muíño de mareas.

Facede unha foto de grupo nas escaleiras do muíño.

2. PRAZA DE FEFIÑÁNS: O MÁIS COÑECIDO

CONTORNO:

Para chegar dende o muíño da seca ata Fefiñáns debedes pasar pola rotonda de Tragove. No centro desta hai unha escultura, preguntádelle a algún viandante quen é o seu autor? Que pensades que simboliza?

Localizade unha serea nunha das fachadas da praza e sacádelle unha foto.



Entrade na Igrexa de San Bieito e localizade a unha persoa que vos conteste as seguintes preguntas:

- En que época foi feita a igrexa?
- Que ocorreu cos outros arcos-ponte da praza?

Facede unha foto de grupo xunto a un dos Balboa da igrexa.

LIBRO:

Que motivo leva a Frank Soutelo a visitar Cambados?

Que se celebraba na vila nese ano?

3. CEMITERIO DE CAMBADOS: A MORTE

LIBRO:

O libro ábrese coa aparición dun morto, de quen se trata? Como aparece?

Que incrimina a Frank Soutelo na morte de Amanda Braga?

Con que tipo de “enterro” remata o libro?

CONTORNO:

Localizade no cemiterio a lápida de Cabanillas e facede unha foto de grupo.

Copiade o texto da lápida do poeta.

A onde trasladaron os restos de Cabanillas?

Que familiares seus están enterrado nese lugar?

Nunha das lápidas próximas hai un texto de Cabanillas. Reprodúceo a continuación.



4. CASA-MUSEO CABANILLAS: AS ORIXES

LIBRO:

De onde procede a familia de Fran Soutelo? A quen conserva alí?

Con que familiar de Dalia mantén unha entrevisa Frank en Celanova?

Ao final do libro Pat proponlle visitar a terra do seu pai, a onde se dirixen?

CONTORNO:

Facede unha foto nas escaleiras exteriores da casa natal de Cabanillas.

Preguntádelle a alguén se sabe dende cando é Casa-Museo.

Con que sobrenome se coñece a Ramón Cabanillas (figura na placa do edificio).



5. PAZO DE TORRADO: A OBRA

CONTORNO:

Indo pola rúa Real pasaredes a carón dunha das casas nas que residiu Cabanillas (no nº 10). Localizade polas proximidades dúas placas conmemorativas dun famoso escritor galego en castelán e dun importante escultor cambadés. Facede unha foto a cada unha das placas.



A continuación debes pasar pola praza de Asorey, outro cambadés fundamental. Que famosa escultura súa foi reproducida nesta praza? Copiade o texto que figura arredor do monumento.

Facede unha foto de grupo xunto a esta escultura.

Ao chegar ao Pazo de Torrado anotade que exposición está actualmente neste lugar. Facede unha foto de grupo nas escaleiras.

LIBRO:

Que manuscrito de Cabanillas estaba exposto no Pazo de Torrado? Quen o roubou?

Que outra obra fundamental desapareceu na novela? Sucedeu en realidade este feito?

6. CASA DO CONCELLO: O TRABALLO

LIBRO:

Cando Frank estaba sentado nese mesmo lugar viu pasar un coche con alguén dentro, quen?

Anota a que se dedican os seguintes personaxes da obra: Dalia Maxino, Demetrio Lavandeira, Hyeronimus Jones e Mateo Gómez.

CONTORNO:

Xusto diante da casa do Concello hai un banco, que personaxe está sentado nel? Facédevos unha foto de grupo alí.

Que premio gañou o concello de Cambados? Localiza na fachada da casa consistorial o nome do premio e a data de concesión.



7. PAZO DE ULLOA: O PODER

CONTORNO:

Para ir dende o Concello ata o Pazo da Ulloa pasaredes pola praza de Ramón Cabanillas, que escultura preside a praza? Quen é o seu autor? Facédevos unha foto de grupo con esa estatua.

Pasade pola Igrexa de S. Francisco. Ao lado dereito está a escola na que Cabanillas estudou. Facédevos unha foto de grupo.

A seguir está a Biblioteca municipal que recibe o nome dun estudoso de Cabanillas. Cal é o seu nome? No seu xardín figura un libro pétreo cun texto de Cabanillas. Copiádeo a seguir. No lado contrario hai unha columna de libros. Que títulos figuran?




Preguntádelle a algún peón se sabe a que familia da nobreza española pertencía. Preguntade tamén se coñece o nome da escritora galega que publicou unha novela cun título parecido a este.

LIBRO:

Que outra construción similar lle serve de lugar de descanso a Frank Soutelo?

8. RUÍNAS DE SANTA MARÍA: O ENGANO



LIBRO:

Que acontecemento fundamental da historia sucede nestas ruínas? Conta brevemente o episodio. Facédevos unha foto neste lugar.

Como enganou Frank Soutelo a Lavandeira?

Cal era o verdadeiro valor do papiro?

Explica o encontro entre Sugar e Lavandeira na súa casa.

CONTORNO:

Localizade entre as tumbas da igrexa a do fillo dun famoso escritor galego en castelán, pai do esperpento. Facédelle unha foto á lápida.

Apareceuvos algunha outra tumba pertencente á mesma familia? Buscade na parede da entrada ao cemiterio.

Preguntádelle a algunha persoa se sabe que consideración ten este lugar.

Facédevos unha foto de grupo coas ruínas.

9. TORRE DE SAN SADORNIÑO: O DESENLACE

CONTORNO:

Ao baixar pola rúa Os olmos chegades a unha praza que representa un xogo infantil, cal é? Facédevos unha foto na que algúns dos membros do grupo simule as actitudes dos rapaces en cada lugar.

A chegar á torre localizade unha placa na que se informa sobre esta e contestade as seguintes preguntas:

- Cal é a súa orixe?
- Para que se empregaba?
- Con quen se conectaba?

Facede unha foto colectiva coa torre como fondo.



LIBRO:

Que personaxes morren no tiroteo na casa de Lavandeira?

Como resolveron o conflito do Colectivo Outeiro?

Que argallaron para solucionar o problema da conserveira Mar de Lira?

Que lle fixeron a Lavandeira ao final?

10. PASEO DA CALZADA: FIN DO TRAXECTO

CONTORNO:

Para rematar agruparémonos na alameda. Neste espazo tedes que localizar tres monumentos: a estatua de Francisco Asorey, o monumento a Ramón Cabanillas e o rañeiro. Contestade agora as preguntas referidas a elas:

- Que ferramentas ten na man o escultor?
- Copia as palabras de Cabanillas presentes no seu monumento.
- De que data é o monumento a Cabanillas?
- Preguntádelle a algún habitante da vila cal é o “defecto” presente nesta obra do rañeiro.

Facede unha foto de grupo diante do monumento a Cabanillas.



<http://www.pueblos-espana.org/galicia/pontevedra/cambados/906979/>